



INTERCAMBIOS ESCOLARES VIVIR NOS MUNICIPIOS DO EIXO ATLÁNTICO

REGULAMENTO

OBXECTIVOS

- Promover entre os estudantes e docentes o coñecemento do seu municipio, dos municipios integrantes do Eixo Atlántico e do propio Eixo Atlántico, así como do seu patrimonio (cultural, natural, inmaterial).
- Facilitar o intercambio entre estudantes dos diversos municipios do Eixo Atlántico.
- Concienciar ós estudantes da importancia de vivir nun municipio integrante do Eixo Atlántico e que conforman unha Eurorrexión.
- Promover a realización de experiencias didácticas que potencien o uso do municipio como recurso educador.

DESTINATARIOS

- Este programa destínase a alumnos de 5º e 6º de primaria das escolas da rede pública localizadas nos municipios do Eixo Atlántico.

DURACIÓN DO PROGRAMA

- Os intercambios escolares serán realizados no período lectivo 2023-2024 e as visitas terán unha duración de entre 2 e 3 días.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

- O Eixo Atlántico promoverá a realización dunha reunión na que se realizará o sorteo entre os municipios que teñan manifestado o seu interese en participar nos intercambios.



INTERCAMBIOS ESCOLARES VIVIR NOS MUNICIPIOS DO EIXO ATLÁNTICO

- O Eixo Atlántico informará ós municipios participantes dos emparellamentos establecidos, así como do cronograma e accións a desenvolver para a consecución da actividade.
- Os municipios serán responsables de levar a cabo as accións nos tempos establecidos no cronograma.
- O Eixo Atlántico acompañará o desenvolvemento do programa, verificando o cumprimento dos prazos e obxectivos da actividade.

CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

- Os municipios interesados en participar deberán enviar a formalización da súa inscrición na actividade mediante carta do responsable político.
- Unha vez recibida a formalización, os dous municipios emparellados deberán remitir ó Eixo Atlántico unha proposta de guión de traballo relacionado coa temática.
- Cada municipio escollerá o grupo obxecto do programa a través do sistema que considere oportuno, sendo a escolla da competencia exclusiva do municipio. Deberá tamén designar un técnico do municipio que será responsable do acompañamento do programa, perante o Eixo Atlántico.
- Cada municipio participante será responsable da execución do programa no seu municipio, comprometéndose a:
 - Dar apoio ó grupo seleccionado no traballo sobre o coñecemento do municipio, dos municipios integrantes do Eixo Atlántico e do propio Eixo Atlántico;
 - Preparar, en coordinación co grupo seleccionado, o programa de actividades do grupo escolar visitante;



INTERCAMBIOS ESCOLARES VIVIR NOS MUNICIPIOS DO EIXO ATLÁNTICO

- Recibir e acompañar, xunto co grupo seleccionado, ó grupo visitante durante a súa estadía: os estudantes serán os guías/monitores encargados de dar a coñecer o municipio;
- Soportar os custos relativos ó desprazamento do respectivo grupo;
- Soportar os custos de aloxamento e alimentación e gastos das actividades incluídas no programa previamente acordado do grupo visitante.
- Os municipios participantes deberán asegurar que os grupos sexan recibidos preferentemente polo alcalde, para que os estudantes se sintan verdadeiramente embaixadores do seu municipio.
- Os participantes non poderán ser aloxados en casas particulares nin en campismo, as condicións mínimas serán albergues ou hoteis a decidir entre os dous municipios
- Será conveniente prever a realización de visitas anticipadas de planificación ós municipios cos que se farán os intercambios.

MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN

- Os grupos seleccionados estarán compostos por un grupo de entre 20 a 30 persoas, ou sexa, unha clase, cos respectivos acompañantes (2 profesores e un técnico municipal mínimo).
- Os grupos seleccionados serán simultaneamente “grupo anfitrión” e “grupo visitante”.
- Os traballos deberán ter como base o guía didáctico sobre os municipios do Eixo Atlántico e o sentimento de pertenza á Eurorrexión.
- Cada grupo encargarse do traballo de compilación, documentación e investigación, ben como de acoller e dar a coñecer o seu municipio ós estudantes visitantes. Ademais viaxará ó municipio asociado, pertencente ó Eixo Atlántico.